

## **PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS**

O concello de Muros informa de que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, publicou unha orde no Diario Oficial de Galicia do 12 de xaneiro, pola que se convoca o **proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais, de distintas familias profesionais:**

- **Administración e xestión**
- **Agraria**
- **Comercio e marketing**
- **Edificación e obra civil**
- **Electricidade e electrónica**
- **Fabricación mecánica**
- **Hostalería e turismo**
- **Imaxe persoal**
- **Industrias alimentarias**
- **Informática e comunicacións**
- **Instalación e mantemento**
- **Madeira, moble e cortiza**
- **Química**
- **Sanidade**
- **Servizos socioculturais e á comunidade**
- **Transporte e mantemento de vehículos**

Para participar no procedemento débense cumprir, entre outros requisitos:

- Ter cumpridos no momento de realizar a inscrición, 18 anos para as unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel I e 20 anos para as unidades de competencia de nivel II e III.
- Ter experiencia laboral e / ou formación non formal relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar.

Experiencia laboral: xustificar polo menos 3 anos, cun mínimo de 2000 horas traballadas en total nos últimos 10 anos, transcorridos antes de realizarse a convocatoria, para unidades de competencia de niveis II e III, e para unidades de competencia de nivel I, xustificar polo menos 2 anos cun mínimo de 1200 horas

traballadas en total.

- Formación non formal: xustificar polo menos 200 horas para unidades de competencia de nivel I ou 300 horas para as unidades de competencia dos niveis II e III, nos últimos 10 anos transcorridos antes de realizarse a convocatoria. Naqueles módulos formativos asociados ás unidades de competencia que se pretendan acreditar prevexan unha duración inferior, deberanse acreditar as horas establecidas nestes módulos.

**Prazo:** Dende o **12 de xaneiro ó 3 de febreiro de 2017**, ambos os dous incluídos

### **MÁIS INFORMACIÓN:**

**Enlace á orde do DOG:**

[http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170112/AnuncioG0164-281216-0003\\_gl.pdf](http://www.xunta.gal/dog/Publicados/2017/20170112/AnuncioG0164-281216-0003_gl.pdf)

**Ou contactar coa orientadora laboral**

Curro da Praza nº 1 (Muros)

Teléfono: **981 826 050, ext 101**

Atención ó público: Luns e martes